



## **CIRCULAR 36-2022. Mod.06/03/2022** **IV COPA XUNTA DE GALICIA DE CLUBS MÁSTER EN PISTA CUBERTA.**

- *A todas as Delegacións da F.G.A.*
- *A todos/as os/as asembleístas*
- *A todos os clubs galegos con licenza vixente*
- *A todos/as os/as adestradores/as con licenza vixente*
- *A todos/as os/as xuíces/zas galegos/as con licenza vixente*

**Art.1).**- A F.G.A organiza a IV Copa Xunta de Galicia de Clubs Máster en Pista Cuberta o día 13 de marzo de 2022, na pista cuberta de Expourense.

**Art.2).**- Poderán intervir un total de 8 clubs, masculinos e femininos, que sairán dos 8 clubs, masculinos e femininos, que mellor puntuación obteñan mediante estadillo de marcas da tempada 2021 e da tempada 2022, dos atletas (aínda que no ano 2021 pertenceran a outro club) con licenza por ese club nas probas individuais nas que se disputa a competición (valerá tamén o 5000 polo 3000, o 100 polo 60 e o 100v e 110 polo 60v) e as marcas realizadas en pista cuberta, pola táboa de puntuación da WMA aire libre. Os estadillos confeccionaranse cos mesmos criterios da competición en canto a atletas estranxeiros (3 actuacións en homes e 3 en mulleres) e atletas de clubs asociados (3 actuacións en homes e 3 en mulleres) podendo un mesmo atleta estar en dúas probas e non debe incluírse a proba de relevos. O estadillo debe ser presentado na intranet como data límite o martes día 8 de marzo de 2022 ás 20:00h. Os rexistros deberán ser conseguidos en probas oficiais e en condicións regulamentarias.

**Art.3)** - Poderán participar os/as atletas que teñan licenza FGA ou licenza por outra comunidade autónoma pertencentes aos clubs desta competición ou asociados.

**Art.4).**- Haberá trofeo para os tres primeiros clubs clasificados tanto en categoría feminina coma masculina, sendo obrigatorio acudir ao protocolo de entrega dos mesmos.

**Art.5).**- As 13 probas que se disputarán serán as seguintes:  
**Homes e Mulleres:** 60, 200, 400, 800, 1500, 3000, 60v, altura, pértega, lonxitude, triplo, peso e relevo 4x200.

**Art.6).**- Cada club poderá presentar un so equipo por sexo. Admítense 3 participacións de atletas estranxeiros en homes e mulleres e 3 actuacións de clubs asociados en Homes e 3 en mulleres.

**Art.7).**- Os equipos deben cubrir un mínimo de 10 probas tanto en homes coma en mulleres.

**Art.8).**- O número de cambios que poderá efectuar cada club con respecto á inscrición inicial será de 4 en cada sexo. Os cambios na proba de relevos, sobre as inscricións realizadas previamente non se contabilizarán. Os cambios deberán realizarse na Secretaría de Competición ata 30 minutos antes do comezo de cada proba respectiva agás concursos 45 minutos.



## CIRCULAR

Complexo Deportivo de Elviña, Avenida de Glasgow, 13  
15008 A Coruña. - T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal  
atletismo.gal - carreirasgalegas.com

**Art.9).-** Os/as atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible por diante, agás nos saltos que poden levar por diante ou por detrás, en toda a súa superficie. O incumprimento desta norma será motivo da descualificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a colocación do dorsal.

**Art.10).-** A puntuación de cada proba será separada: N puntos ó/á 1º polo coeficiente de idade, N-1 ó 2º, así sucesivamente, sendo N o número de equipos participantes. En caso de empate entre 2 (ou máis) atletas os puntos repartiranse entre ambos. Os atletas/equipos non presentados, retirados ou descualificados non puntuarán. Resultará vencedor do encontro entre clubs o que maior número de puntos obteña despois de efectuar a suma de puntos obtidos polos/polas atletas. En caso de empate a puntos terase en conta os primeiros postos e de continuar aquel, os segundos postos, etc... A clasificación será independente os homes das mulleres. O club vencedor será o que obteña o maior número de puntos. En caso de empate declararase vencedor o club que consiga un maior número de primeiros postos e de seguir o empate o que teña maior número de segundos postos e así sucesivamente.

**Art.11).-** As inscricións definitivas realizaranse a través do sistema online na web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) antes das 20:00 horas do xoves 10 de marzo. Os equipos deben cubrir un mínimo de 10 probas tanto en homes coma en mulleres.

Cada atleta poderá participar nun máximo de dúas probas ou unha proba e o relevo ou so no relevo.

**Art.12).-** Horario provisional, co horario definitivo, publicarase o horario de cámara de chamadas.

XORNADA DE MAÑANÁ				
PROBA	SEXO	HORA	SEXO	PROBA
60v	Mulleres	<b>10:30</b>	Mulleres	Altura
			Homes	Lonxitude
			Homes/Mulleres	Pértega
60v	Homes	<b>10:45</b>		
800	Mulleres	<b>11:00</b>		
800	Homes	<b>11:10</b>		
200	Mulleres	<b>11:20</b>		
200	Homes	<b>11:25</b>		
1500	Mulleres	<b>11:30</b>		
1500	Homes	<b>11:40</b>	Mulleres	Lonxitude
60	Mulleres	<b>11:50</b>	Homes	Altura
60	Homes	<b>11:55</b>		
400	Mulleres	<b>12:05</b>		
400	Homes	<b>12:10</b>		
3.000	Homes	<b>12:20</b>		
3.000	Mulleres	<b>12:35</b>	Mulleres	Peso
		<b>12:45</b>	Homes/Mulleres	Triplo
		<b>13:20</b>	Homes	Peso
Relevo	Mulleres	<b>13:50</b>		
Relevo	Homes	<b>14:00</b>		



**Art.13).**- Todos/as os/as atletas deberán pasar por cámara de chamadas. Os/as atletas sairán á zona de saída coa roupa de competición posta.

**Art.14).**- A lonxitude máxima dos cravos das zapatillas será de 6mm (segundo indicación do fabricante da instalación). Non se permitirá acceder á zona de competición con cravos de maior lonxitude.

**Art.15).**- Nos Campionatos de Galicia Individuais e por clubs, existirá unha cota de inscrición de 2 euros e nas probas de control da FGA e fóra de concurso será de 4 euros por proba.

**Art.16).**- Os atletas disporán de 4 intentos en lanzamentos e saltos horizontais

**Art.17).**- Alturas dos listóns: Colocaranse a altura máis baixa das solicitadas polos atletas e permitida pola instalación e ca seguinte cadencia:

Altura: de 3 en 3 centímetros.

Pértega: de 10 en 10 centímetros.

**Art.18).**- Táboas de batida nas probas de lonxitude e triplo: Como máximo as táboas de batida colocaranse en 2 posicións na lonxitude e 3 posicións no triplo.

1).- A distancia máis corta do foso solicitada polos atletas.

2).- A distancia máis distante do foso solicitada polos atletas

3).- Unha intermedia entre as solicitadas polo resto de atletas.

**Art.19).**-O sorteo e orde das rúas efectuaranse unha vez recibidos os clubs participantes.

**Art.20).**- Na carreira de relevo as series faranse cos 4 equipos mellor clasificados coas probas disputadas e sumadas ata ese momento na serie A, e cos restantes na serie B, sendo a serie B a primeira en disputarse. En caso de poderse meter todos os equipos nunha serie ( sendo 6 ou menos) farase serie única.

**Art.21).** Condicións de Participación.

#### **Condicións de participación Máster**

Para a participación e a entrega do dorsal, será imprescindible amosar o certificado de vacinación COVID ou a aportación do certificado da realización dun test de antíxenos ou PCR negativo cunha antelación máxima de 72h á celebración da proba ou ben a aportación de certificado médico conforme se superou a infección por COVID-19 nun período comprendido entre os 11 e os 180 días anteriores a celebración da proba.

Calquera dunha destas tres condicións deberá ser amosada á organización no momento da recollida do dorsal.

**Art.22).**- O aforo estará regulado conforme ás limitacións establecidas no momento da competición, seguindo sempre a normativa sanitaria e a normativa da instalación

**Art.23).**- Todos/as os/as participantes deberán cumprir o protocolo COVID-19 establecido pola FGA, así coma as indicacións do Responsable COVID-19 da FGA.



**CIRCULAR**

Complexo Deportivo de Elviña, Avenida de Glasgow, 13  
15008 A Coruña. - T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal  
atletismo.gal - carreirasgalegas.com

**Art.24).**- Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e W.A.

A Coruña, a 5 de marzo de 2022

Carlos Castro Vicente  
**Secretario Xeral da Federación Galega de Atletismo**